

EFEGA instruirá a mestres de primaria e secundaria en primeiros auxilios.

A Confederación Intersindical Galega - CIG, chega a un acordo con EFEGA para a formación do profesorado das principais cidades galegas.



Mestra de educación primaria co seu alumnado durante unha clase.

11/04/2011 O Gabinete Técnico de Saude Laboral da CIG en colaboración con EFEGA impartirá cursos de primeiros auxilios a máis de 100 mestres de primaria e secundaria durante o ano 2011. Concretamente, serán as instalacións sindicais das cidades de Lugo, Burela, A Coruña, Pontevedra, Vigo e Ourense as elegidas para realizar a formación.

A demanda dos mestres de recibir formación en primeiros auxilios deu como resultado esta acción formativa, que ten como obxectivo responder a necesidade dos docentes de saber facer fronte ás principais urxencias ocorridas no ámbito escolar. “Cando un neno ten un accidente no centro, somos os mestres os responsábeis de actuar mentres non chegan os servizos de urxencias, pero non estamos preparados para atender estas emerxencias. Non só os mestres, senon toda a comunidade educativa, debería facer cursos de primeiros auxilios”. Sinalou un dos futuros asistentes ao curso.

Durante o curso, os asistentes aprenderán os principais aspectos relacionados cos primeiros auxilios pediátricos tales como; activación do sistema de emerxencias, soporte vital básico pediátrico, obstrución de vía aérea, traumatismos, hemorraxias e accidentes de tráfico entre outros.

Os interesados en recibir formación poden informarse a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.